

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE SETEMBRO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras

FAVORABLES.-

1244/03.- Consorcio da Cidade.- Restauración da capela de San Caetano.-

1243/03.- Consorcio da Cidade.- Restauración da capela de San Lázaro.-

2875/05.- Fundación Cidade da Cultura.- Construción dun aparcamento cuberto para o edificio da Biblioteca no Monte Gais.-

734/05.- Elena González Concheiro.- Legalización aos efectos de 1ª ocupación da edificación rehabilitada na R/ Xelmírez num.19-3º.-

1572/05.- Val do Xallas, S.L.- Modificación de licendia de construción dunha vivenda unif. na parcela 417-B de Vilariño, Vilestro.-

DENEGADAS.-

3038/04.- Inmobiliaria Noya Sar, S.L.- Legalización da execución de trasteiros na R/ Salgueiriños de Abaixo.-

PRÓRROGA.-

1777/05.- José Manuel López García.- Viv. unif.en Lugar de Son de Abaixo ©.-

1475/05.- Dolores Rodríguez Mirás.- Vivenda unifamiliar en Lugar de Torreiros-San Pedro de Busto ©.-

CAMBIO DE USO.-

733/04.- Promociones Inmobiliarias e Inversiones Ameneiro, S.L.- Cambio de uso de planta baixa para vivenda e edificio auxiliar no espazo libre privado da Unidade Edificatorio nº 140515 sita na Costa do Cruceiro do Gaio núm.5.- ©.-

RECURSOS REPOSICIÓN.-

604/05.- Juan Antelo Pérez, en repr. de Antelo y Noya S.L.- Dotación de Saídas de emerxencia directa ó local sito na planta de soto no edificio sito na R/ Hórreo num.60.-**(D)**

PARCELACIÓN.-

1884/03.- Aluminios Alca, S.L.- Parcela sita no lugar da Sionlla ©.-

SUBSANACIÓN ERRO ACORDO DA X.G.L. DE 17 DE XANEIRO DE 2005

2563/04.- Luís Joaquín González Salgado.- parcelación da parcela 591 de concentración de Eixo, Marrozos.-

APERTURAS.-

Lap/17/04.- Mª Angeles Paz Ramos.- Café-bar especial na Praza da Quintana de Vivos núm.1.

Lap/259/03.- Manuel Felipe Peleteiro Ramos.- Apertura de restaurante na Avda. de Ferrol núm.7-baixo.-

Lap/133/05.- Pablo Sánchez Villaverde.- Apertura de taller para venda e reparación de ciclomotores no Lugar de Vilastrexe, núm.3.-

Lap/75/05.- Catalina Isorna Artime.- Apertura Farmacia na Rúa Melide núm.15.-

260/97.- Aurea Reboredo Sixto.- Apertura de tenda de conveniencia en R/ Ramón Cabanillas núm.16-baixo.-

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á desestimación de alegacións presentadas contra o prego de transporte colectivo urbano de viaxeiros.

Presentáronse dúas alegacións correspondentes á Confederación Intersindical galega e ao Comité de empresa de TRAPSA. Acórdase desestimar as alegacións ao considerar que os pregos non poden incluír contidos relativos ás condicións laborais propias das empresas, que se deben resolver á luz da normativa laboral.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Patrimonio relativa á recuperación dun camiño no Monte da Penalada-Angrois.

Acórdase requirir a Felisa Otero Vigo nos termos expostos no informe xurídico para a resolución de expediente de recuperación (data 6 de setembro de 2004), emitido pola xefa de sección de Patrimonio.

11.- Propostas de aprobación de orzamento e bases para:

a) Programa de axudas escolares, curso 2005-2006.

Apróbbase un orzamento de 10.000 euros, así como as bases do Programa de Axudas Escolares 2005-2006.

b) Programa de axudas escolares para emigrantes retornados e inmigrantes do Concello de Santiago de Compostela, curso 2005-2006.

Apróbbase un orzamento de 10.000 euros destinado a becas e un orzamento de 2.000 euros destinado á divulgación das axudas, así como as bases do Programa de Axudas escolares para inmigrantes e emigrantes retornados do Concello de Santiago de Compostela 2005-2006.

14.- Adjudicación das obras de acabado da terceira planta do Centro Sociocultural de Fontiñas.

Adjudícase a licitación de referencia á empresa Jesús Martínez Álvarez Construcciones SA por importe de 110.329,09 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 3 meses.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de retranqueo de liña de media tensión en Salgueiriños.

Apróbbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 39.318,20 euros, IVE incluído.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á prórroga da subvención para a contratación dun técnico local de emprego.

Acórdase presentar a solicitude de renovación para o ano 2006, da subvención para a contratación dun Técnico Local de Emprego. A subvención consiste no financiamento do 30% dos custos salariais do Técnico contratado, incluída a Seguridade Social da Empresa cun límite máximo de 21.035,43 euros.